

# ÉTICA DO MEDIO NATURAL E CONSERVACIÓN DA NATUREZA

---

## Xornada de estudio sobre ética ambiental

*Carlos del Álamo Jiménez*  
Ministerio de Medio Ambiente

Conserva-la natureza non é senón manter unha actitude ética co noso contorno.

Podémonos preguntar sobre a sinceridade deste principio. ¿Somos conscientes desa necesidade ou, pola contra, de novo o egoísmo humano faiños adoptar posicións que por baixo dun aparente respecto á natureza acochan o medo do home á reacción do contorno?

Cada un de nós ten a resposta. Se reflexionamos sobre as demandas e berros de alarma de grupos, organizacións políticas, científicas ou de calquera clase, que na actualidade reclaman máis e maior atención ó medio natural, non podemos deixar de pensar que existe un temor ó risco de ruptura dos equilibrios naturais.

Odum define a ética para o contorno como a consideración filosófica e biolóxica, xuntamente, da relación do home co seu propio hábitat e con tódolos seres non humanos, que nunha sociedade civilizada debe conducir a

unha revisión dos conceptos de xusto e deinxusto. Cómpre que todos comprendan que a calidade da vida individual e social depende estreitamente das condicións do contorno; por iso, "a ampliación da ética ata incluí-la relación do home-contorno, debe converterse en parte integrante da filosofía do home".

Esta filosofía, mesmo asumida, formúlanos varias interrogantes.

Podemos pensar que estamos convencidos desa relación sincera; nese caso poderíamos estar tranquilos, pois espontaneamente e sen termos que facer esforzos continuos de adaptación, as nosas decisións conterían esa preocupación pola conservación da natureza.

Schumacher recoñece que se require unha boa dose de coraxe para dicir non ás modas e á fascinación da época, e para poñer en dúbida os presupostos dunha civilización que parece destinada a conquista-lo mundo

enteiro: a forza necesaria para isto só pode provir de conviccións fundadas. Se proviñese só do medo polo futuro, tería moitas posibilidades de desaparecer no momento decisivo.

Pero desde o punto de vista dos ecosistemas dos procesos naturais e o seu funcionamento, tamén se nos poden presentar bastantes incertezas.

Nos millóns de anos transcorridos desde a aparición da vida sobre a Terra, estímase que desapareceron xa máis dun 99 por cento das especies que a poboaron.

Ocorría que a extinción de especies era un proceso lento, calculábase que unha por ano. Hoxe hai avaliaciós da desaparición de especies que dan unha cifra de 50 a 100 diarias. O que cambiou foi, sen dúbida, o ritmo de desaparición.

Pero, ¿como demostramos que un ecosistema estable é preferible desde o punto de vista ético? "A menos que non nos adhiramos dogmaticamente a unha posición de 'respecto por toda a vida', a extinción de, polo menos, algúnsas especies de formas de vida e a xeración doutras pode ser considerada como algo plenamente desexable". En efecto, moitos filósofos pensan que un comportamento natural non é necesariamente bo. Chocamos, sen dúbida, neste punto, coa complexa problemática inherente ó relativismo dos valores

é dicir: se os valores deben ser considerados continxentes en relación ó cambio dos intereses e dos deseños humanos; pero o que conta máis ben para a ecoloxía é a esixencia de supera-los criterios de valoración centrados no home, para considera-las cousas tamén desde o punto de vista da natureza.


De tódolos xeitos, inda que todo valor depende do home, e inda que o concepto de valor e de valoración carece de sentido independentemente dos seres humanos e da súa perspectiva, actitudes e preferencias (que é como pouco asunto discutible), esta perspectiva orientada exclusivamente ó home require áinda a consideración de tódolos homes e das súas condicións para maximiza-los seus valores

Estes comentarios son de W.T. Blackstone.

¿Que é hoxe a conservación da biodiversidade? ¿Unha superación do comportamento ancestral e tradicional do home ou unha forma distinta de chamarlle ás cousas?

Creo que polo menos é o recoñecemento da necesidade de parar e reflexionar sobre o papel do home na terra e sobre a idea de que o artificial pode supera-lo natural.

Desde a Conferencia de Río de Xaneiro, as cousas non volverán ser iguais, entre outras razóns porque ningún vive enganado; todo o mundo está informado e os Gobernos e mailas organizacións internacionais incorporaron ás súas políticas os compromisos



Quizais sexa esta unha das imaxes máis expresivas da importancia das árbores para o xénero humano Iasis, en forma de sicómoro, aleitando o Faraón Tutmosis III Tebas, séculos XVI-XIV a C Arte exipcia G G

adquiridos en 1992. En definitiva, ímos vixiar uns ós outros pois, o mesmo cá economía, a globalización dos problemas ambientais afecta ós intereses dos países e a relación economía-medio natural vai ser cada vez máis intensa.

Ninguén ignora xa que os requisitos ambientais impostos á industria e ás actividades económicas de xeito diferente, poden supoñer unha competencia desleal. Tamén habería que facer unha advertencia neste campo, pois o subliminal da mensaxe conser-

vacionista empregado como estratexia comercial pode facer muda-los gustos e preferencias do consumo de bens e servicios, desviando intereseiramente a preocupación ambiental cara á produtos que coa etiqueta de "verde" acochan prexuízos ambientais en áreas xeográficas distintas de onde se consomen.

Pódolle poñer un exemplo do consumo de madeira.

É moi frecuente escoitar que o aproveitamento forestal, que cortar árbores, ó cabio, é a causa da desaparición dos bosques e de tódolos problemas ambientais que isto orixina: erosión, inundacións, empobrecemento biolóxico, etc.

Sen embargo, non coñecemos cómo se aproveitan os nosos bosques tépedos, e que a madeira é o material de construción que menos contamina fronte ós metais, plásticos ou formigón.

O problema causado pola corta de árbores nos bosques tropicais levou á opinión pública a pensar que nas nosas latitudes ocorre o mesmo. Nada máis lonxe da realidade.

En Occidente praktícase -desde hai douscentos anos en Alemaña e polo menos 150 en España-, unha selvicultura que ten como primeiro principio na ordenación do monte a persistencia da masa forestal.

As necesidades de mante-las flo-tas navais en Centroeuropa obrigarón ás autoridades a conservar e ordena-los bosques. Os nosos primeiros forestais, alumnos da selvicultura alemana, trouxeron no século XIX estas ideas, e hoxe, a vixente Lei de Montes de 1957, no seu artigo 29 e seguintes, pon como límite ós aproveitamentos forestais, tanto en montes públicos coma priva-dos, os intereses da súa conservación e mellora.

Deste xeito todo aproveitamento -e simplifico un pouco-, todo o marco legal forestal, require unha licencia ou autorización que no caso das cortas a-eito ou de aclareos intensivos en terreos de particulares implican a obriga pola parte do dono de repoboar de arbo-rizado, no prazo de dous anos, o terreo en que aquelas se realizaron, mesmo con veda de pastoreo (Art. 233 do Regulamento de Montes).

¿Existe esta lexislación nos bos-ques tropicais? Obviamente non. En consecuencia, a garantía de xestión como recursos renovables nos nosos bosques é moi diferente.

O quid da cuestión reside, non na poda das árbores, que coma tódolos seres vivos desaparecerán antes ou des-pois, senón en garanti-la rexeneración e a reproducción das especies e dos bosques, no que hoxe denominamos aproveitamento sostible dos recursos naturais.

Cuestiós como o ecocertificado da madeira non deben preocupar no noso país se se comprende a orixe dos nosos bosques e non se confunden cos cultivos ou plantación de árbores seme-llantes ós cultivos agrícolas ou gande-ros, só que normalmente cun prazo de obtención da colleita máis longo.

Entramos no eido da cultura forestal e do coñecemento dos meca-nismos de conservación e xestión dos bosques e mais da obtención de pro-ductos forestais; incluso o coñecemen-to das especies forestais que levou a esa clasificación popular das mesmas en “árbores e palmeiras” e as primei-ras en “piñeiros e as demás”.

A. La Torre (1993) formula a rela-ción do home e a natureza como un problema ético e, citando autores como Curry-Lindhal (1972), Meadows (1973) e Carson (1963), expón o seguinte:

Desde a perspectiva político-económica, o problema da salvagarda da natureza preséntase en termos de medi-ción das modalidades, dos límites, dos instrumentos idóneos para unha utili-zación racional e programada ou previ-sora dos recursos, e está condicionado, xa que logo, por unha serie de conside-rações continxentes. Mais “explotar sabiamente non sempre significa obter un beneficio económico directo”.

As múltiples riquezas da natureza teñen un valor moi superior ó eco-



Fragamento dun mosaico de Pompeia Século I a.C. A contaminación das augas estanos levando a non poder contemplar un espectáculo tan fermoso para o gozo material e espiritual *Los animales en el Arte*, ed. Argos, 1974

nómico. Porque representan ó tempo riquezas sociais, culturais, científicas e estéticas. O home, dado que está encargado de velar polos recursos naturais para as xeracións vindeiras, ten a obriga moral de empregar con xeito este capital insustituíble (Curry-Lindhal, 1972).

Existe un plano de reflexión máis profundo, onde nos interro gamos sobre a responsabilidade das xeracións actuais con respecto ás posteriores e sobre todo a posibilidade de manter unhas condicións aceptables de supervivencia para o futuro, e tamén sobre a existencia dunha responsabilidade máis ampla, que podería afectar a toda forma de vida como tal. Por exemplo,

nos últimos cen anos o dano causado ós sistemas naturais xustificábase pola convicción de que o progreso tecnolóxico e económico era abondo de máis para compensar ás xeracións vindeiras pola deterioración do medio e polo grande empobrecemento das reservas dos recursos naturais; hoxe, sen embargo, son moitos os que empezan a poñer en dúbida tales conviccións. Este é un problema que ten que ver cos valores éticos nos que se basean as organizacións sociais (Madows, 1973).

Neste momento histórico particular no que, por primeira vez, o *homo aeconomicus* ve con novos ollos a problemática da súa relación co mundo natural, sentíndose culpable do uso indiscriminado que leva feito do mesmo ata o de agora, e advertindo unha especie de malestar existencial ó pensar na relación instauradora coas demais criaturas, os problemas do contorno suscitan ‘un interrogante non só científico, senón tamén moral’ Trá-

tase de establecer se unha civilización pode promover unha guerra incesante contra a vida, sen se destruír a si mesma e sen perde-lo dereito a chamarse civil (Carson, 1963)

O problema ecolóxico, puntu aliza E. Schumacher, un dos voceiros da “nova economía”, non é, ó cabio, tan novo como parece; a novidade problemática é a introducida pola conciencia de que

o uso xusto da terra non supón tanto un problema técnico ou económico, como principalmente metafísico [...] É a terra simplemente un medio de producción ou é algo máis, algo que constitúe un fin en por si? Os animais, por exemplo, teñen, sen dúbida, un valor económico, pero posúen tamén outro que transcende o anterior e non se pode medir en termos de utilidade práctica. Comparar un coche cun animal sobre a base da súa utilidade sen reconoce-la fundamental diferencia que media entre ambos, a saber, a do ‘nível do ser’, constitúe un erro metafísico destinado a produci-las más graves consecuencias prácticas.

Concretamente en relación cos animais e a ética, é moi interesante o exposto por Lara Sánchez (1993) quen reivindica

los derechos de los animales, evitando las dificultades de las Éticas de Sujetos Racionales y la Ética Utilitarista Al conceder valor intrínseco a los pacientes morales en virtud de su similitud sensitiva con los individuos racionales, damos consistencia e imparcialidad a nuestras más profundas intenciones de como comportarnos moralmente con los seres no racionales, al mismo tiempo que, reivindicando la igual relevancia moral de éstos y los animales, tenemos razones contundentes para respetar a los animales como individuos valiosos en sí mismos

J. Dewey, citado por La Torre (1993), particularmente en *Human Nature and Conduct*, establece un vínculo concreto entre moral, natureza e sociedade: para el, o problema moral é inseparable tanto da ciencia -que leva a cabo unha análise do contorno natural e social no que teñen lugar as accións morais- coma da conciencia da unidade existente entre natureza, home e sociedade. É máis, a moral é "racional" só na medida en que se entrelaza con tódolos elementos que entran en xogo na vida humana e, en consecuencia, tamén cos problemas relativos ó contorno. Este principio é moi importante para a nosa análise, precisamente pola dificultade que encerra considerar racional ou racionalmente fundable unha ética para a natureza. Dewey chama a refunda-la ética a través dun novo concepto da natureza, non considerada xa como un colector ó modo mecanicista, senón coma contorno no que a ciencia busca certamente medios para a realización do benestar, sen privalo non obstante da súa dignidade. O home pode sentirse ás súas anchas no mundo se lle brindan posibilidades concretas de elección para melloralo, inda que non en sentido antropocéntrico, xa que home e mundo constitúen unha unidade sobre a que toda acción ten repercusións.

Ó facer un repaso do tratamento da cuestión do medio natural en multitud de organizacións internacionais, A. Ramos (1993) manifesta:

En muchos de estos documentos a que nos referimos y en los debates y comentarios que los precedieron, subyacía unas veces y se indicaba explícitamente la necesidad de un nuevo modelo de desarrollo según el cual pudieran encauzarse los esfuerzos de la humanidad. Las circunstancias presentes abogan en efecto por la reflexión ambiental, es patente que la naturaleza ha sido maltratada históricamente por el hombre, y que el maltrato ha sido creciente, en su propio perjuicio; las voces de alerta, aún a veces fuera de tono, han sido decisivas para que la evidencia se extendiera desde grupos reducidos a la opinión pública, que, con mayor o menor conocimiento de causa, con mayor o menor información, ha llegado a ser un clamor y a exigir respuesta en la acción. Ésta, cuando no es la callada, puede darse dentro del relativismo, ajustándose perezosamente a las valoraciones del momento actual, buscando mínimos y pensando que tales valores no son permanentes, es decir, sin convicción; o puede darse con convicción, con intención abierta a la incorporación de cuanto se encuentre de positivo, pensando que la nueva información puede ser una aportación al progreso humano. Ante tan dispares actitudes, interesa saber si esa acepción general de que hablamos responde a la realidad, es decir, si lo que podría ampararse bajo el nombre genérico de Conservación es bueno en sí, y no sólo porque alcance una aceptación muy mayoritaria

Interesa, verdaderamente, saberlo, porque es posible que bajo la bandera, si se quiere desorientada, sin norte fijo y en demasía polifacética, de la Conservación, se esté preparando, por decirlo un tanto enfáticamente, un quiebro histórico en la idea de progreso con la que ha transcurrido la segunda mitad del Siglo XX, un punto de inflexión a partir del cual comenzaría un proyecto que reivindica el respeto hacia la naturaleza como parte de la preocupación real por las condiciones de vida de las personas que hoy habitan este planeta y de las que lo habitarán en el futuro, un

proyecto que duda, remitiéndose a los hechos, que el progreso racional y tecnológico tal como se ha conducido, haya redundado, como se quería, en un progreso ético, y lo duda tanto que estima natural preguntarse si no habría que invertir los términos, de modo que el progreso ético condujera al progreso racional.

Esta afirmación coincide co exemplo posto por Weizsäcker (1993):

No século XVII foi a guerra de relixións o feito determinante da cultura, polo menos en Europa

O século XVIII foi o século das cortes reais

O século XIX foi o século do Estado Nación e da revolución industrial e burguesa

O século XX foi o século da economía

O século XXI será o século do medio ambiente; nel, todo o que se teña por realista verase forzado a xustifica-la súa forma de actuar como unha contribución ó mantemento do medio natural.

O mesmo autor sostén que

...non se logrará a transición do noso século da economía ó século do medio ambiente simplemente formulando con algo máis de ambición os valores límites para os axentes nocivos na auga, na atmosfera ou no solo, nin facendo máis complicados os procesos burocráticos de concesión de licencias e os estudios de avaliación do impacto ambiental. O que cómpre é un reformulamento claro e profundo e un cambio de rumbo da nosa cultura e da nosa orde económica. Canto máis axiña asumámo-la transformación, mellores serán as nosas perspectivas de manter nos séculos vindouros os aspectos positivos e as comodidades do século da economía.

¿Pero como medimos esta necesidade, como sabemos cando debemos

comezar ou onde estamos? ¿Como evoluciona o ser humano fronte á evolución da natureza?

A achega brusca de enerxía fósil acumulada durante millóns de anos alterou os equilibrios naturais.

O desaxuste entre o tempo de transformación da enerxía e a capacidade de absorción ou cambio de estado desta na natureza xerou as meirandes desordes ambientais.

La Torre (o. cit., p. 33) recolle a contribución de Darwin ó coñecemento da evolución das especies de onde deriva a convicción de que o xénero humano é tamén o ápice do proceso evolutivo.

Precisamente no problema do tempo é onde E. Tiezzi sitúa o núcleo da crise do contorno.

O tempo-díñeiro, o tempo sen reloxo, non son os tempos que contan para instaurar unha relación correcta coa natureza. Paradoxalmente, o reloxo, símbolo da orde, sinala as horas da desorde, o frenesi do consumismo e o incremento da produción achega os tempos da desorde global. A orde natural segue outros ritmos, outío compás. O home non pode detener o tempo, pero pode retardalo. O proceso entrópico e evolutivo, favorecendo a transición a un estado de produción mínima de entropía e, en último extremo, favorecendo o futuro da nosa especie.

O tempo das modificacións tecnolóxicas é brevíssimo e está totalmente exento de

sintonía co tempo biolóxico; para comprender en que medida o tempo biolóxico difire do histórico, abonda con observa-la gran rapidez coa que o home logra interferir uns equilibrios estructurados durante millóns de anos de evolución: a natureza non consegue ir ó mesmo compás co ritmo da historia humana e por iso é sistematicamente saqueada, áinda que a historia humana é bastante más breve cá milenaria vida da natureza. “As culturas humanísticas” (marxista ou capitalista) carecen dun parámetro fundamental na súa análise histórica. o tempo biolóxico Neste sentido son “estáticas” e extremadamente limitadas na súa programación do futuro ( ) o tempo biolóxico é tamén aquel co que se debe medi-lo futuro, e a ruptura dos equilibrios biolóxicos está inducindo variacións no planeta nuns lapsos tan breves que aceleran o reloxo xeológico.

Nos estados modernos, e en particular naqueles altamente industrializados, é moi forte a esixencia de determina-lo tempo dunha maneira cada vez máis precisa, posto que isto permite o incremento da autonomía das organizacións humanas con respecto á natureza. Mentre que nas sociedades de tipo primitivo subsiste unha evidente dependencia con respecto ó contorno, que detenta unha especie de poder na cuestión da estancia temporal dos acontecementos sociais (dependentes directamente da referencia ós fenómenos naturais), nas sociedades urbanas a vida e as súas temporalizacións dependen dos instrumentos humanos, e outro tanto sucede coa mesma evolución da natureza: sociedade e natureza, tempo social e tempo físico, son coma un suxeito e un obxecto

separados, e o tempo biofisiolóxico tende a ser nivelado sobre o social.

A historia do mundo occidental pode relerse como a historia dun comportamento depredador, como a historia dunha loita contra o seu propio contorno por parte dunha especie, a humana, que aspira a se subtraer das leis da natureza. O xénero humano comezou a exercer unha acción sobre o ecosistema desde a súa primeira aparición sobre a Terra, quer como depredador, quer situándose en “competición” coas demais criaturas. É evidente que tamén el debeu adaptarse ó medio, modificando o seu propio sistema de vida en relación co hábitat no que se insería, pero coa constitución de comunidades nunha estructura social cada vez máis artellada, atopouse en posesión dun crecente poder técnico e emprendeu unha especie de guerra contra a natureza, a chamada “loita pola existencia”. De feito, o home primitivo, malia que dispoñía dunha potencialidade de incidencia sobre a natureza superior á doutras especies, era un “elemento natural” entre os outros, e iso permitía a persistencia dun equilibrio no sistema global; pero ese estado de cousas durou pouco tempo, áinda que a diferencia, por máis fundamental que se considere a ruína e, polo tanto, a dificultade de reasentamento, “entre el cultivador neolítico, atento a desmontar un claro y natural terreno, y el hombre del año 2000, que a base de explosiones atómicas moverá las montañas y modificará

el curso de los ríos obligándolos a regar los desiertos, estriba sólo en una diferencia de métodos" (La Torre e J. Dorst).

Como conclusión, a actual situación de creba do modelo tradicional de crecemento e crise ambiental non se vai resolver só con medidas económicas ou políticas. O cambio necesario virá pola valoración dos compromisos do home co seu medio e á parte de catastrofismos pola meditación en profundidade do papel do home na terra.

¿Pero é posible o progreso nesta situación?

De novo Ramos (o. cit., p. 99) fai unha interesante achega:

La conservación de la naturaleza, ¿es un deber que tenemos los hombres o algo que conviene considerar dentro de un utilitarismo de mayor alcance que el que nos preside? ¿Debemos por una u otra razón reconsiderar nuestro comportamiento, aunque nunca haya estado más cerca de alcanzar algunas utopías, y hacerlo sólo por la naturaleza o porque es importante para el hombre? El objeto de debate, ¿es sólo el medio físico, el medio natural, cuya protección es perentoria incluso en términos de utilidad, o se extiende a otros aspectos, relativos al funcionamiento de la sociedad humana que en apariencia no están ligados con lo natural? La conservación, ¿es simplemente una moda pasajera, acaso no tan efímera como algunos pudieran deseiar, a la que no hay más remedio que atender mientras dure, dada su generalización en la opinión pública? ¿Ha de verse como una restricción, un obstáculo al progreso que por lo tanto hay que sortear en lo

possible, o por el contrario puede llegar a ser un instrumento de progreso, un soplo de vida para un modelo enfermo, un buen apuntalamiento para un edificio que se cuartea?"

É inmoral todo o que atrasa o desenvolvemento humano, o progreso racional conduce ó progreso ético, dicían os filósofos da Ilustración. É posible, pero antes de admitilo habería que se poñer de acordo en qué é o desenvolvemento humano e preguntarse tamén se a ética non terá algo que dicir sobre o natural e o racional.

Se a ética é deber, o noso, o da humanidade, é pensar. Pensar para comprender-as relacóns causa-efecto da degradación ambiental.

¿Degrádase o home ó mesmo tempo có su medio?

Evidentemente si. A simplificación conduce á rutina e á monotonía e volvemos recolle-lo concepto de biodiversidade e a valora-lo seu contido como contrapunto á pobreza e á escaseza, e vemos de novo a necesidade de mantérmo-la variedade, para aseguralo futuro, o progreso da humanidade.

"Nós creamos -escribía A. Schweitzer (1947)- que a vida do home é máis importante ca calquera forma de vida que coñezamos. Mais, polo que sabemos do desenvolvemento do mundo, non podemos proba-la existencia de semellante escala de valores", por iso "a ética absoluta da vontade de



Fermosa representación da Arca de Noé. Claro exemplo dun mandato de conservación das especies animais "Espello da humana salvación" Manuscrito do século XV, Museo Condé, Chantilly *Los animales en el Arte*, ed. Argos, 1974

vivir debe respectar toda forma de vida, intentando en todo o posible abstenerse de destruir unha vida, sexa cal sexa a categoría á que pertenza". Só desenvolvendo unha nova sensibilidade de cara ó valor intrínseco da natureza, se poderá conte-la desmesurada consi-

deración que ten o home de si mesmo e das súas necesidades.

Nesta reformulación das accións, nesta meditación sobre o futuro, aparece a necesidade de coñecer. As ciencias, as naturais e mailas morais, seguirán

sendo a base do progreso humano. Pero quizais aí resida a clave do futuro.

Verbo disto recollo uns parágrafos de J. A. Marina (1996):

El interés por las implicaciones éticas de la ciencia, y el interés paralelo por las humanidades, me hacen sospechar que comienza a verse la necesidad de un cambio. Aunque no me gusta la expresión, lo llamaré cambio del ‘paradigma de la inteligencia’ A lo largo de la historia, nuestra cultura ha ido proponiendo distintos modelos de inteligencia copiados siempre de la actividad o actitud que en cada momento parecía más valiosa La Edad Media defendió un paradigma religioso de la inteligencia, basado en la fe La Edad Moderna lo sustituyó por el paradigma científico, fundado en la razón. En pleno modernismo, vivimos la tensión entre el modelo tecnológico, interesado por el poder, y el modelo estético, fascinado por la invención, desvinculado de todo Me gustaría que ambos fueran sustituidos por el ‘paradigma ético de la inteligencia’ En esto, y no en la literatura, el arte o la historia, consiste el verdadero humanismo. en inventar y construir el orbe de la dignidad

Este modelo de la inteligencia, nuevo y viejo, ya que no es más que la recuperación del ideal griego, se centra en el ser humano, y permite unha introducción humanista al resto de los modelos de inteligencia La inteligencia ética -que es la quinta esencia del humanismo- es la gran puerta para acceder a la ciencia, al arte, a la técnica, a la religión. El humanismo es, ante todo, el reconocimiento del poder creador de la inteligencia. Una inteligencia que no incluye la razón pero la desborda, que trata con verdades, pero también con valores, que busca la verdad, disfruta con la belleza, y, además, desea realizar el bien

Hagamos una naturelaza humanista y no tan humanizada

Ata aquí puidemos presentar argumentos e ideas para fortalece-lo papel da natureza fronte ó home, todo iso para equilibra-las intervencións humanas sobre o planeta.

Non obstante, debemos meditar sobre o significado da palabra conservación, no sentido de manter unha cousa ou coida-la súa permanencia, tal e como recolle o *Diccionario de la Lengua Española*.

Conservar non quiere decir proteger. A conservación é un proceso dinámico, que fai posible aproveita-las couzas ou os recursos sempre que non se degraden ou desaparezan.

A clave do progreso humano, da forma que fomos vendo anteriormente, é a través da conservación.

¿Poderá soportar a natureza a explosión demográfica, a demanda de enerxía, o consumo de auga, etc.? Na medida en que a mente humana chegue a prever os efectos da nosa forma de vida sobre os recursos naturais, poderemos estar seguros.

Non é fácil pedir sacrificios, prescindir de comodidades, de logros históricos; daquela defensa do home diante da natureza, pasamos á defensa da natureza fronte ó home. ¿En canto tempo? en poucos anos, a penas un intre na historia dos tempos.

Non será cuestión de facermos referencias a autores e pensadores, o problema estaría resolto cando todos e cada un de nós sentise a necesidade do cambio, de non atentar contra a nosa casa, contra a nosa despensa e a das xeracións vindeiras.

Dicía Einstein que a natureza agocha o seu segredo porque é sublime, non por astucia.

A nosa dificultade é chegarmos a coñecer de verdade o segredo da súa conservación.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Blackstone, W T, (editor), *Philosophy and Environmental Crisis*, Athens, University of Georgia, 1974

Carson, R, *Silent Spring*, Boston, Houghton Mifflin Company, 1962

Curry-Lindhal, K, *Conservation for Survival An Ecology Estrategy*, 1972

Dewey, J, *Hyman Nature and Conduct*, New York, Holt, 1922

Garrido Peña, F, "La Ecología como Política", en *Introducción a la ecología política*, Granada, Ed Comares, 1993

Lara Sánchez, F, "Los animales y la ética", en *Introducción a la ecología política*, Granada, Ed Comares, 1993

La Torre, M A, *Ecología y moral*, Ed Desclée de Brouwer, S A, 1993

Marina, J A. "Creación ética", *ABC Cultural*, Novembro, 1996

Meadows, D L, *Toward Global Equilibrium*, Cambridge, Wright-Aleew, 1973

Odum, E P, *Hombre y Naturaleza Bases energéticas*, Ed Omega, 1981

Ramos, A, *¿Por qué la conservación de la naturaleza?*, Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, Ed Fundación Conde del Valle de Salazar, 1993

Schumacher, E F, *Lo pequeño es hermoso*, Ed Blume, 1990

Schweitzer, A, *An Anthology*, New York-London, Harper, 1947

Tamames R, e outros, *Ética y Ecología*, Madrid, 1991

Tiezzi, E, *Tempi Storici, Tempi Biologici*, Milán, Garzanti, 1984

Weizsäcker, E U, *Política de la Tierra*, Madrid, Ed Sistema, 1993

